



## AXUDAS A **CLUBS DEPORTIVOS**

**PROGRAMA DE SUBVENCIONS PARA CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA, SEN ANIMO DE LUCRO, CON EQUIPOS OU DEPORTISTAS QUE PARTICIPEN EN COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NACIONAL OU INTERNACIONAL DURANTE O ANO 2020**

**F0103C/2020**  
**ORZAMENTO** 1.300.000 €

O obxecto deste programa é financiar exclusivamente os gastos derivados da súa participación en competicións oficiais federadas de ámbito nacional ou internacional.

Prazo aberto ata o **13 de marzo de 2020**.

**PROGRAMA DE SUBVENCIONS PARA CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA, SEN ANIMO DE LUCRO, CON EQUIPOS OU DEPORTISTAS QUE PARTICIPEN EN COMPETICION FEDERADA DE AMBITO LOCAL, PROVINCIAL OU AUTONÓMICO DURANTE O ANO 2020**

**F0103B/2020**  
**ORZAMENTO** 655.000 €  
**MÍNIMO** 1.000 €  
**MÁXIMO** 60.000 €

O obxecto deste programa é financiar os gastos derivados da súa participación en competicións oficiais federadas de ámbito local, provincial ou autonómico.

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020.

Prazo aberto ata o **13 de marzo de 2020**.

## AXUDAS A **ENTIDADES DEPORTIVAS**

**PROGRAMA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DA PROVINCIA, SEN ANIMO DE LUCRO, PARA INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DEPORTIVO DURANTE O ANO 2020**

**F0104/2020**  
**ORZAMENTO** 400.000 €  
**MÍNIMO** 1.000 €  
**MÁXIMO** 40.000 €

Serán obxecto da axuda os gastos por adquisición, rehabilitación ou mellora de instalacións, obra nova, bens inventariables, equipamentos e moblaxe.

Prazo aberto ata o **13 de marzo de 2020**.

**PROGRAMA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO, PARA O DESENVOLVEMENTO DE GRANDES EVENTOS DEPORTIVOS SINGULARES DE ESPECIAL INTERESE NA PROVINCIA DURANTE O ANO 2020**

**F0103D/2020**  
**ORZAMENTO** 395.000 €  
**MÍNIMO** 6.000 €  
**MÁXIMO** 70.000 €

As axudas económicas obxecto deste programa destinaranse a sufragar os gastos inherentes á organización de grandes eventos deportivos, promovidos por entidades deportivas, de carácter relevante na provincia.

O evento deberá estar incluído no calendario de competicións oficiais.

Cada entidade presentará o proxecto dun só evento.

Prazo aberto ata o **13 de marzo de 2020**.

**PROGRAMA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DA PROVINCIA, SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DURANTE O ANO 2020**

**F0103A/2020**  
**ORZAMENTO** 300.000 €  
**MÍNIMO** 1.000 €  
**MÁXIMO** 30.000 €

Existen tres modalidades:

- Realización de actividades conducentes á mellora da condición física, a ocupación activa do tempo de lecer, o deporte de carácter afeccionado ou popular e a participación en competicións deportivas que non sexan federadas.
- Promoción social da práctica e dos valores deportivos que se realice mediante a organización de actividades de formación, difusión e divulgación do deporte e dos valores deportivos.
- Organización de competicións deportivas federadas ou non federadas.

Prazo aberto ata o **13 de marzo de 2020**.

**Área de Deportes da Deputación da Coruña** deseñou un completo programa de axudas para apoiar ás entidades e clubs deportivos da provincia, axudando así ao mantemento da súa actividade. O fomento do deporte como estilo de vida saudable debe ser un dos primordiais dunha administración e así o entendemos desde a Deputación. Cun orzamento global de 3,6 millóns de euros, as cinco liñas de axudas lanzadas teñen como obxectivo a promoción da actividade deportiva en todos os seus ámbitos, desde o fomento do deporte base como aposta de presente e garantía de futuro ao apoio, a grandes eventos para axudar á súa consolidación. A Deputación está a realizar un importante esforzo inversor en materia deportiva para lograr os obxectivos que se propuxo neste eido. Contribuir a manter a actividade e o funcionamento dos equipos coruñeses en competicións de todas as disciplinas e categorías deportivas significa para nós recoñecer o esforzo que fan cada día milleiros de deportistas para colocar aos clubs provinciais na vangarda do deporte galego.

[www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)

 @depucoruna

 @depucoruna



# PROGRAMA DE AXUDAS **DEPORTES** 2020

ÁREA DE DEPORTES DA  
**DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

